

Dende o Área de Emprego do Concello de Ferrol, estamos dando os primeiros pasos para establecer unha rede de cooperación de ámbito local, no marco do proxecto Rede Local de Innovación Empresarial, cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. O obxectivo é o proceso de articulación de relacións entre administracións, centros de innovación, universidade, asociacións empresariais e as empresas, identificando intereses comúns, e xerando un proceso de intercambio e coordinación que fomenten os procesos de innovación no territorio.

A capacidade innovadora das empresas debe ser apoiada coa interacción cos axentes que a rodean, capaces de xerar un entorno facilitador da propia iniciativa empresarial. Dende esta perspectiva, o Concello de Ferrol organiza dúas **mesas sectoriais de participación empresarial**, co ánimo de coñecer a opinión do empresariado local en materia de innovación, e principalmente, analizar os retos, dificultades e necesidades específicas das empresas.

Os encontros terán lugar o día 25 de marzo, nas instalacións do Centro de Emprego do Concello de Ferrol, en horario de tarde:

17:00 Mesa I "a innovación no sector industrial da Comarca de Ferrol", dirixida ao sector industrial, actividades determinantes do grao de especialización da comarca.

19:00 Mesa II "Servizos avanzados a empresa na Comarca de Ferrol", dirixida a empresas de enxeñería, informática, I+D ou consultoría técnica entre outros, que xogan un papel estratéxico na capacidade innovadora do territorio.

A participación das empresas é fundamental polo agradecemos a súa difusión entre os posibles interesados, e animamos á participación do empresariado e persoal directivo das empresas.

Para información adicional ou confirmación de asistencia:



Centro de Emprego. Concello de Ferrol
Rúa Sagrada Familia 56 - 15405 Ferrol
Telf: 981 944 195 e Fax: 981 945 058
emprego@ferrol.es

